

RÍAS BAIXAS

NOVOS DESAFÍOS

CAPÍTULOS DO 166 Ó 191

UNHA PRODUCCIÓN DE:



Televisión de Galicia



FICHA TÉCNICA

Producción Ejecutiva: Zaza Ceballos

Coproducción: Marco Meere

Director: Gerardo Rodríguez, Jordi Frades e Javier Arazola

Guión: Rosa Castro, Carlos Portela, Eligio Montero e Victoriano Sierra

Edición de guión: Zaza Ceballos

Dirección de Producción: Sara Gonzalo

Iluminación: Jacobo Martínez

Audio: Diego Suárez e Iago G. Moro

Montaxe: José López, Luis Millares, e Gerardo Rodríguez

Coordinación de Producción: Laura Cuevas



FICHA ARTÍSTICA

Luis Gondar: Xavier Estévez

Pedro: Pedro Alonso

Sofía: Anabel Gago

Uxía: Comba Campoy

Dona María: Aurora Maestre

Leonor: Sonia Castiñeiras

Moncho: Marcos Correa

Ruiz: Maxo Barjas

Celia: Nieves Rodríguez

Lito: Santi Prego

Lucas: Tino Antelo

Isabel: Isabel Blanco

Silvia: Cristina Espinosa

Mateo: Joaquín Domínguez

Andrés: Lino Braxe

RÍAS BAIXAS

CAPÍTULO 166 ***Danos Colaterais***

Víctor, un neno de oito anos que padece alerxia á lactosa, sofre un shok alérxico durante o recreo. Ó borde da morte, os médicos logran salvarlo. Sen embargo, constatan que Víctor sufriu xa varias crises deste tipo. Ese é o motivo que empurra ós científicos de Gondar Biotech a investigar o caso. Alguén trata de envenenar a Víctor e as sospeitas apuntan a tres sospeitosos: a súa profesora e os seus propios pais.

Por outro lado, en Gondar todos especulan sobre que vai pasar con Pedro, agora que cesou como xefe de laboratorio. Uxía e Pedro queren que Lucas acepte o posto de xefe de laboratorio cando Luís Ilo ofrezca. Pero a persoa elixida para ocupar este posto causa sorpresa xeral.

Vanessa e Moncho seguen enfadados. Moncho quere arranxar a súa relación, pero ela confesa que é imposible.



Luis con Uxía no seu despacho

RÍAS BAIXAS RÍAS BAIXAS

CAPÍTULO 167 *Na casa do ferreiro...*

Durante unha cea das empresas Gondar nun restaurante, varios dos asistentes sofren unha intoxicación. Entre os presentes atópanse Luis, Sofía e Andrés, o substituto de Sofía. O novo encargado da Inspección encarga ó laboratorio a investigación do caso. Esta será a primeira das colaboracións que formen parte do convenio asinado entre eles.

O máis estraño do caso é que non todos os asistentes a cea se intoxicaron....., o que desenvolve un novo reto para Gondar, nunha situación que lle afecta máis que nunca.



Ruiz, Pedro e Sofía.



CAPÍTULO 168
Baile de máscaras

O fillo dun alcalde sofre un ataque durante a súa despedida de solteiro, tras beber moitas copas. Andrés insistirá en que o persoal de Gondar axude á policía a investiga-lo caso.

A dobre xefatura do laboratorio dificulta o traballo e provoca tensións entre Pedro e Sofía.

Ruíz sementa a discordia contra Luís entre os membros do Consello de Administración de Gondar.

Herminia colle unha botella de coñac para cociñar, sen saber que Lito mercou unha partida de garrafón.



Pedro e Sofía no laboratorio



CAPÍTULO 169
A maldición do Katuk

Un cómico ten que retirarse da escena en plena actuación por unha forte gastroenterite.

Alertas Alimentarias terá que enfrontarse a unha bacteria que está a provocar moitos casos similares na zona, cun só elemento en común: un restaurante vexetariano.

Pedro está frustrado co traballo rutineiro que lle encarga Luís. Ruíz fai manobras de aproximación que poderían ser un arma de dobre fío.

Unha admiradora secreda convida a Luis a unha cita a cegas.

Lito está a contemplar seriamente a posibilidade de acusar de *mobbing* ós seus socios...



Celia, Lucas e Uxía no laboratorio